



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

MANIFESTO POLO DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

CONCELLO DE TEO - NOVEMBRO 2024

Conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da Violencia contra as Mulleres tendo coñecemento dunha nova muller asasinada pola súa parella esta fin de semana. Condenamos este novo crime e queremos achegar o noso apoio e solidariedade á familia da vítima.

O único número aceptable no eido da violencia de xénero é cero. Máis de 1.200 mulleres asasinadas por homes que eran, ou foron, as súas parellas dende 2023. Medio cento de mulleres asasinadas no que vai de ano 2024. Máis de 95.000 denuncias presentadas por mulleres vítimas de violencia machista. Unha sociedade democrática e de Dereito debe ser incompatible cunha situación de criminalidade constante contra as mulleres.

Debemos traballar para sensibilizar a cidadanía en xeral e a mocidade en particular, co fin de previr as violencias de xénero en todas as súas manifestacións. Cómpre educar nesta materia para que non existan maltratadores e, así, evitar que haxa vítimas.

Detrás da frialdade de cada cifra e cada porcentaxe está a vida dunha muller. Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, de “unhas relación de poder desigual entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Os concellos e as deputacións somos conscientes da urxencia para conseguir que a violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo deixe de ser estrutural na nosa sociedade.

Débese traballar para que as mulleres crean máis no sistema, que as forzas e corpos de seguridade do Estado (que realizan os atestados policiais ou actúan directamente) estean mellor formados e que a sociedade, así como a contorna das vítimas tamén estea máis concienciada.

Aínda que en Teo xa constituímos a Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, estamos a realizar obradoiros nos centros escolares e charlas para as familias, pero aínda que ano tras ano se está a mellorar, é preciso redobrar aínda máis os esforzos para facerlle fronte á violencia de xénero, para previla e para facilitar ás mulleres os instrumentos para afrontar esta situación e acompañalas no proceso.

A violencia contra as mulleres é incompatible cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga democrática. A violencia machista interpélanos e as administración locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance. No ámbito das nosas competencias desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.

Por todo isto, levamos o mes pasado ao Pleno do Concello de Teo a aprobación dos seguintes acordo:

1. Reafirmar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia machista ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
2. Manifestar como grupos políticos, o apoio ás reivindicacións do 25 de novembro e participar nos actos conmemorativos na reivindicación da violencia de xénero.
3. Comprometerse como Concello, a seguir facilitando a formación do persoal en materia de igualdade e de violencia de xénero, así como a motivar a participación a todos os axentes locais que deban participar da Mesa Local contra a Violencia de Xénero para que poidan ofrecer os recursos necesarios dende as súas áreas.
4. Comprometerse como Concello a facilitar a difusión dos principais actos do 25N.
5. Expresar a vontade de traballar para erradicar a violencia machista, polo que pedimos á Xunta de Galicia, que solicite ao Goberno do Estado un incremento das contías destinadas á Administración Local nos orzamentos do Estado.
6. Solicitar á Xunta de Galicia que, a través dos medios correspondentes, requira do Goberno do Estado o compromiso de que desenvolvan os acordos establecidos no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
7. Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando na difusión e cumprimento do protocolo de prevención e intervención fronte a agresións sexuais no marco do ocio nocturno.
8. Solicitar á Xunta de Galicia a pronta firma do convenio co Colexio de Avogados para poder prestar atención necesaria ás vítimas e que este poida ter carácter retroactivo e non quede ningunha sen atender.
9. Solicitar á Xunta de Galicia que siga reforzando os CIM (centros de información á muller) como entidades locais máis próximas, dotándoos de recursos suficientes

para que poidan desenvolver tamén actividades de prevención e de promoción da igualdade e impulsando medidas para a incorporación a eles de novos perfís profesionais.

Todas as administracións, dende o Goberno de España, a Xunta de Galicia, os concellos e as deputacións, temos que seguir a promover avances na loita contra a violencia machista e a protección das vítimas, incidindo na prevención.

Dende o municipalismo galego facemos un chamamento para que se denunciem todas as formas de violencia contra as mulleres. Non pode haber máis silencios cómplices. Xa é tempo de que a vergoña, que ata agora recaía sobre as vítimas que sofren a violencia, cambie de bando e recaia sobre os agresores.